

PROCESO DE PROVISIÓN POR MOBILIDADE NA CATEGORÍA DE POLICÍA PR461D

**NOTA ACLARATORIA da Orde do 21 de xullo de 2026
(DOG número 143, do 31 de xullo de 2026. BOE S-2026-190)**

1. En relación aos requisitos das persoas aspirantes : base 2.2.1

As persoas aspirantes que participaran en procesos de mobilidade con anterioridade deben acreditar un mínimo de tres anos en dito posto para poder ser admitidas e participar neste proceso.

Unha persoa que obtivera un posto polo sistema de mobilidade e reingresa na súa praza anterior ou realízase unha permuta, antes de acadar unha antigüidade mínima de tres anos nese posto obtido por este sistema, non cumpre o requisito da base 2.2.1 (artigo 43.3 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais)

O cómputo da antigüidade é dende o día da toma de posesión como persoa funcionaria de carreira ata o día 2 de setembro de 2026.

2. Renuncia. (3.1.2 e 10.2)

Poderase renunciar a participar no proceso de mobilidade, ata a publicación da listaxe que conteña a baremación definitiva realizada polo Tribunal. Recórdase que os destinos adxudicados son irrenunciabes.

3. Relación de méritos que se acrediten, por cada un dos puntos de que consta o concurso (Anexo VI)

Coa solicitude de participación deberase engadir esta relación de méritos, e para facilitar a súa realización, achégase na páxina web da Agasp, un modelo en documento editable para que poida ser cuberto polas persoas interesadas e remitido coa solicitude.

4. Base 8.2 Criterios de baremación

- Só se terán en conta os méritos acreditados ata o día 2 de setembro de 2026 (a formación que se presente debe estar rematada como máximo nesa data)
- No relativo as titulacións académicas, só se valorará a superior, é dicir unha persoa que dispoña dun grao e un máster ao que se accedeu pola realización do primeiro, terá unha puntuación de dous puntos.
- No relativo a valoración da formación profesional e docencia, a base 8.2 c) indica que non serán obxecto de baremación os cursos que coincidan total ou parcialmente no tempo, así como aqueles cuxa suma horaria faga inviable a súa realización efectiva.

Cando unha mesma persoa aspirante presente varios cursos diferentes, referidos as mesmas datas, de xeito que a suma das horas lectivas acreditadas, exceda o tempo materialmente dispoñible.

Para os efectos do cómputo horario dos cursos impartidos na modalidade en liña tomarase como referencia orientativa o estándar de calidade fixado no artigo 4.1 da Orde do 6 de outubro de 2020 (DOG número 209, do 16 de outubro de 2020) sobre homologación de cursos da Agasp, segundo o cal a proporción entre as horas lectivas acreditadas e a duración da unidade formativa debe ser, de 1 hora lectiva por cada día de duración.

Nos supostos dos cursos presenciais, non poden coincidir dous ou mais cursos a vez, nin acreditar formación en liña nos mesmos horarios que acredite formación presencial.

En todo caso, cando se dean os supostos descritos de coincidencia horaria, as persoas aspirantes coa finalidade de dotar de seguridade xurídica e evitar a súa indefensión, poderán acreditar fidedignamente a compatibilidade horaria, por exemplo coa data de cada sesión lectiva e a hora de inicio e fin da mesma.

A aplicación desta referencia, e a determinación dos criterios que se apliquen dentro do fixado na normativa vixente de aplicación, corresponde única e exclusivamente ao Tribunal.

Esta aclaración non modifica o contido da convocatoria nin o baremo de méritos recollido no anexo VI, explícita o xa disposto nas bases e non é obxecto nin resolver nin prexulgar os méritos das persoas aspirantes. A valoración individualizada é competencia exclusiva do Tribunal a través da baremación dos mesmos.